

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 22 DE ABRIL DO 2021.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE RUIZ REIRIZ ANA ISABEL DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREIRA AGEITOS ELVIRA</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p> <p>-----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día vinte e dous de abril do dous mil vinte e un, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 15/04/2021.

2.- CONTRATACIÓN

2.1.- INDEMNIZACION GASTOS FEBREIRO CONTRATOS SERVICIOS MONITORADO A FIEITERIA

1.- ACORDO INDEMNIZACIÓN A FAVOR DE AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

Visto o contrato asinado entre o Concello de Ribeira e Axiña Servizos Deportivos, S.L. para a prestación do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado



de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira.

Visto que por Decreto de Alcaldía de data 19 de maio de 2020 declarouse a imposibilidade da execución do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira dende a data de 1 de maio de 2020, de entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, polo que o contrato quedou suspendido ata que a prestación poida renovarse.

Visto o escrito presentado por Axiña Servizos Deportivos, S.L. na data 12 de abril de 2021 no que solicita a indemnización de danos e prexuízos establecida no artigo 34.1 do Real Decreto Lexislativo 8/2020 para o período de febreiro de 2021, que ascende a 1.413,42 euros.

Visto o informe de intervención de data 19/04/2021.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 19/04/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización de danos e prexuízos do contrato de Servizos de masaxe, socorrismo, conserxería, monitorado de actividades dirixidas, asesoramento sala fitness, dinamizacións das pistas de padel e coordinación dos servizos de monitorado do Complexo Deportivo A Fieiteira correspondente ao mes de febreiro de 2021, a favor da concesionaria Axiña Servizos Deportivos, S.L. por un importe de 1.413,42 euros.

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga por dito importe con cargo á aplicación orzamentaria 342.22707 e ordenar o pago da mesma.

2.2.- CANCELACIÓN FIANZA PAVIMENTACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE AGUIÑO E CARREIRA

2.- CANCELACIÓN DAS FIANZAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “PAVIMENTACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE AGUIÑO E CARREIRA.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “PAVIMENTACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE AGUIÑO E CARREIRA”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 24/05/2018, a favor da empresa “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” (NIF: B15293145), e o correspondente contrato asinouse na data 05/06/2018.

Para responder da boa execución do contrato a empresa constituíu aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.) inscrito no Registro Especial de Avals co número 49.708), por importe de 1.246,04 euros, en concepto de garantía definitiva do contrato e aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.) inscrito no Registro Especial de Avals co número 49.709), por importe de 1.246,04 euros, en concepto de garantía complementaria do contrato.



A Acta de recepción das obras formalizouse na data 12/06/2019.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre as garantías constituídas.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 12/04/2021, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 12/04/2021, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva e da garantía complementaria constituídas pola empresa para responder da execución do contrato.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14/04/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación da garantía definitiva de 1.246,04 euros e da garantía complementaria de 1.246,04 euros, constituídas por “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” (NIF: B15293145), para responder da execución do contrato “PAVIMENTACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE AGUIÑO E CARREIRA”.

2.3.- CANCELACIÓN FIANZA PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS

3.- CANCELACIÓN DAS FIANZAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE RIVEIRA: CAMIÑO DENDE ESTRADA SAN ROQUE-DEÁN PEQUENO E 14 MÁIS”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE RIVEIRA: CAMIÑO DENDE ESTRADA SAN ROQUE-DEÁN PEQUENO E 14 MÁIS”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 24/05/2018, a favor da empresa “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” (NIF: B15293145), e o correspondente contrato asinouse na data 05/06/2018.

Para responder da boa execución do contrato a empresa constituíu aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.) inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 49.732), por importe de 5.435,94 euros, en concepto de garantía definitiva do contrato e aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.) inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 49.733), por importe de 5.435,94 euros, en concepto de garantía complementaria do contrato

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 02/08/2018.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre as garantías constituídas.



Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 12/04/2021, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 12/04/2021, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva e da garantía complementaria constituídas pola empresa para responder da execución do contrato.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14/04/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación da garantía definitiva de 5.435,94 euros e da garantía complementaria de 5.435,94 euros, constituídas por “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” (NIF: B15293145), para responder da execución do contrato “PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE RIVEIRA: CAMIÑO DENDE ESTRADA SAN ROQUE-DEÁN PEQUENO E 14 MÁIS”.

2.4.- CANCELACIÓN FIANZA PAVIMENTACIÓN DE RÚAS NO CASCO URBANO DE RIVEIRA

4.- CANCELACIÓN DAS FIANZAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “PAVIMENTACIÓN DE RÚAS NO CASCO URBANO DE RIVEIRA: XOANA TORRES, CARLOS CASARES, MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA, ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ, CORDIEIRO, RÚA DA HABANA, VALLE INCLÁN, CASTELAO E TRAVESÍA MANZANARES”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “PAVIMENTACIÓN DE RÚAS NO CASCO URBANO DE RIVEIRA: XOANA TORRES, CARLOS CASARES, MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA, ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ, CORDIEIRO, RÚA DA HABANA, VALLE INCLÁN, CASTELAO E TRAVESÍA MANZANARES”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 24/05/2018, a favor da empresa “CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS, S.L.” (NIF: B15261308), e o correspondente contrato asinouse na data 05/06/2018.

Para responder da boa execución do contrato a empresa constituíu aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.) inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 49.745, por importe de 4.666,94 euros, en concepto de garantía definitiva do contrato e aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R.) inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 49.746, por importe de 4.666,94 euros, en concepto de garantía complementaria do contrato.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 03/07/2018.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre as garantías constituídas.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 12/04/2021, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data



12/04/2021, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva e da garantía complementaria constituídas pola empresa para responder da execución do contrato.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14/04/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación da garantía definitiva de 4.666,94 euros e da garantía complementaria de 4.666,94 euros constituídas por **“CONSTRUCCIONES J.MAURI E HIJOS, S.L.”** (NIF: B15261308), para responder da execución do contrato **“PAVIMENTACIÓN DE RÚAS NO CASCO URBANO DE RIBEIRA: XOANA TORRES, CARLOS CASARES, MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA, ALCALDE FERNÁNDEZ BERMÚDEZ, CORDIEIRO, RÚA DA HABANA, VALLE INCLÁN, CASTELAO E TRAVESÍA MANZANARES”**.

2.5.- CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN FIANZA RENOVACIÓN DE LIÑAS DE SANEAMENTO E PLUVIAIS E PAVIMENTACIÓN DE RÚAS EN CORRUBEDO

5.- CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DAS FIANZAS CONSTITUÍDAS E DEPOSITADAS POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “RENOVACIÓN DAS LIÑAS DE SANEAMENTO E PLUVIAIS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PRADO, DA RÚA ROCAPELÓN E DA RÚA CAMPO DA AGRA (CORRUBEDO)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “RENOVACIÓN DAS LIÑAS DE SANEAMENTO E PLUVIAIS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PRADO, DA RÚA ROCAPELÓN E DA RÚA CAMPO DA AGRA (CORRUBEDO)”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 29/11/2018, a favor da empresa “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” (NIF: B15293145), e o correspondente contrato asinouuse na data 19/12/2018.

Para responder da boa execución do contrato a empresa constituíu e depositou unha garantía definitiva de 1.491,95 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade deste Concello da data 19/11/2018 (nº de operación 2018 33009248), xustificativa de constitución de aval de Afigal (R.E.A. nº 50.194) e unha garantía complementaria de 1.491,95 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade deste Concello na data 19/11/2018 (nº operación: 2018 33009249), xustificativa de constitución de aval de Afigal (R.E.A. 50.193).

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 09/03/2020.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre as garantías constituídas e depositadas.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 12/04/2021, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 12/04/2021, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva e da



garantía complementaria constituídas e depositadas pola empresa para responder da execución do contrato.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14/04/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.491,95 euros e da garantía complementaria de 1.491,95 euros, constituídas e depositadas por **“CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.”** (NIF: B15293145), para responder da execución do contrato **“RENOVACIÓN DAS LIÑAS DE SANEAMENTO E PLUVIAIS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PRADO, DA RÚA ROCAPELÓN E DA RÚA CAMPO DA AGRA (CORRUBEDO)”**.

2.6.- CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN FIANZA RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PINISQUEIRA (AGUIÑO)

6.- CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA E DEPOSITADA POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PINISQUEIRA (AGUIÑO)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PINISQUEIRA (AGUIÑO)”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 11/05/2017, a favor da empresa “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” (NIF: B15293145), e o correspondente contrato asinouuse na data 15/05/2017.

Para responder da boa execución do contrato a empresa constituíu e depositou unha garantía definitiva de 2.778,79 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 03/05/2017 (nº de operación 2017.33002657), xustificativa de constitución de aval de Afígal (R.E.A. nº 48741).

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 11/12/2017.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre as garantías constituídas e depositadas.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 09/04/2021, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 12/04/2021, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva constituída e depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14/04/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 2.778,79 euros constituída e depositada por **“CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.”** (NIF: B15293145), para



responder da execución do contrato **“RENOVACIÓN DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PINISQUEIRA (AGUIÑO)”**.

2.7.- CANCELACIÓN FIANZA PAVIMENTACIÓN DA RÚA FAXINDE E CAMIÑO EN AREEIROS (CASTIÑEIRAS)

7.- CANCELACIÓN DA FIANZA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA FAXINDE E CAMIÑO EN AREEIROS (CASTIÑEIRAS)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “PAVIMENTACIÓN DA RÚA FAXINDE E CAMIÑO EN AREEIROS (CASTIÑEIRAS)”.

A autorización da devolución do aval de Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (AFIGAL, S.G.R) de data 17/10/2017, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 49.244, presentado pola empresa “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” como garantía definitiva do contrato, por importe de 2.323,59 euros, realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 30/11/2017,

Tendo en conta que non existen responsabilidades que esixir sobre as garantías constituídas.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 09/04/2021, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 13/04/2021, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva constituída pola empresa para responder da execución do contrato.

Vista a proposta da Alcaldía, de data 14/04/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 17/06/2019, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación da garantía definitiva de 2.323,59 euros constituída por “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.” (NIF: B15293145), para responder da execución do contrato “PAVIMENTACIÓN DA RÚA FAXINDE E CAMIÑO EN AREEIROS (CASTIÑEIRAS)”.

3.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA

3.1.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202104/138

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 14/04/2021 “Decreto: Aprobación del expediente de contratación para la implementación de los servicios “E-Administración””

3.2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202104/140

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 14/04/2021 “Decreto: Adjudicación do contrato para executar as obras do



“Proxecto técnico axustado para as obras de acondicionamento e reforma interior da Casa da Xuventude no Concello de Ribeira””

4.- LICENZAS DE ACTIVIDADE

4.1.- CAMBIO DE TITULARIDADE CAFE BAR - VICENTE MILLÁN BETANZOS

1.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE - Vicente Millán Betanzos.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: OTROS CAFÉS E BARES, (epígrafe I.A.E. 673.2), (licenza de actividade concedida por Decreto de alcaldía de data 22 de xullo de 1987).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0513132NH010150001GX.

SITUACIÓN: Rúa Rosalía de Castro nº 53, Baixo, Ribeira.

TRANSMITENTE: Sra. Vicenta Betanzos Dávila, (D.N.I. 52.452.879-E), como propietaria do local.

ADQUIRENTE: Sr. Vicente Millán Betanzos, (D.N.I. 52.452.852-H).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a solicitude e documentación presentada polo Sr. Vicente Millán Betanzos, (D.N.I. 52.452.852-H), en relación ao cambio de titularidade da licenza de actividade OTROS CAFÉS E BARES, (epígrafe I.A.E. 673.2), (licenza de actividade concedida por Decreto de alcaldía de data 22 de xullo de 1987), en instalacións sitas na Rúa Rosalía de Castro nº 53, Baixo, Ribeira, en parcela con refª catastral nº. 0513132NH010150001GX.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade co artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, serán transmisibles, previa comunicación á Entidade Local, as licenzas outorgadas sen consideración ás calidades do suxeito beneficiario. Noutro caso, estarase ao disposto na súa normativa específica e, na súa falta, ao que se prevexa no acto de outorgamento.

SEGUNDO.- O Concello non concede o cambio de titularidade, senón que se limita a darse por decatado da comunicación feita polo cedente e o cesionario do título urbanístico, único requisito esixido polo artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª) de 7 febreiro 2000 declara no seu Fundamento Xurídico 2º:

«Pola contra debe entenderse que agarraches a razón ao recorrente na súa invocación dos artigos 13.1 e 15.1 do Regulamento de Servizos, pois a declaración da Sentenza segundo a cal prevalece sobre devanditos preceptos o mandato do Plan Xeral de Ordenación Urbana non pode entenderse conforme a Dereito. En efecto, a interpretación que debe darse ao tenor literal da redacción dos citados preceptos é que se ten dereito a obter a transmisión da licenza por simple cambio de titularidade, o que desde logo é cousa distinta da esixencia de que se solicite una licenza ou autorización completamente nova».

Do mesmo xeito, a Sentenza do Tribunal Supremo de 29 de setembro de 1986 afirma:

«As licenzas de urbanismo, por non concedidas en atención ás circunstancias persoais de quen a solicita, son totalmente transmisibles, sen máis requisitos que o de



comunicar ao Concello a transmisión, sen necesidade de solicitar a autorización do mesmo, aínda que o non facelo non produce outra consecuencia que a de que subsisten no transmitente de modo conxunto co debido novo titular as responsabilidades que lle foren exixibles segundo o artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais».

Por tanto a licenza ou autorización é obxectiva con independencia da súa titularidade.

En definitiva, o cambio de titularidade dunha licenza ou autorización urbanística non require ningún requisito específico, senón soamente, a tenor do artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que o antigo e novo construtor, empresario ou titular da licenza deben comunicalo por escrito á Corporación, onde conste de forma indubitada a intención de transmitir a licenza e a autorización do antigo titular ao cambio de titularidade.

CUARTO.- Se se produce a transmisión da (*licencia/comunicación previa*) urbanística sen efectuar a oportuna comunicación, o anterior e o novo titular serán responsables solidarios dos danos que poidan derivarse da súa actuación, a tenor do disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

QUINTO.- O procedemento para levar a cabo o cambio de titularidade de *a* (*licencia/comunicación previa*) urbanística é o seguinte:

A. Cando se transmita una licenza ou autorización urbanística, será preciso que o interesado dirixa por escrito comunicación da mesma ao Concello.

B. Os Servizos Técnicos Municipais comprobarán que se manteñen os requisitos esixidos para a concesión do título urbanístico, e comprobarán se a (*licencia/comunicación previa*) obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado. (*O informe dos Técnicos Municipais versará sobre se houbo cambios en canto ás características do uso, aproveitamento, transformación, segregación e edificación do solo, subsolo e voo, e indicarán se a licenza ou autorización obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado*).

C. Resolverase o expediente coa toma de coñecemento polo Concello do cambio de titularidade da licenza urbanística e a correspondente rectificación dos rexistros municipais.

D. Procederase a notificar a Resolución aos interesados.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano orosa, de data 14/04/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza de actividade de OTROS CAFÉS E BARES, (epígrafe I.A.E. 673.2), en instalacións sitas na Rúa Rosalía de Castro nº 53, Baixo, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0513132NH010150001GX en favor do Sr. Vicente Millán Betanzos, (D.N.I. 52.452.852-H).

SEGUNDO.- Proceder a rectificación dos rexistros municipais de acordo coa transmisión efectuada, no seu caso, notificándose tanto a transmitente como ao adquirente



a presente resolución.

TERCEIRO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

CUARTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

4.2.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE CAFÉ BAR FRANCISCO JOSÉ VILA CASTRO

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE - Francisco José Vila Castro.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: OTROS CAFÉS E BARES, (epígrafe I.A.E. 673.2), (licenza de actividade concedida por Decreto de alcaldía de data 6 de marzo de 2007).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0721011NH0102S0005RB.

SITUACIÓN: Avda do Malecón nº 58, Ribeira.

TRANSMITENTE: Sr. José Ángel Rodríguez Ageitos, (D.N.I. 52.453.449-V).

ADQUIRENTE: Sr. Francisco José Vila Castro, (D.N.I. 53.481.240-F).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a solicitude e documentación presentada polo Sr. Francisco José Vila Castro, (D.N.I. 53.481.240-F), en relación ao cambio de titularidade da licenza de actividade OTROS CAFÉS E BARES, (epígrafe I.A.E. 673.2), (licenza de actividade concedida



por Decreto de alcaldía de data 6 de marzo de 2007), en instalacións sitas na Avda do Malecón nº 58, Ribeira, en parcela con refª catastral nº. 0721011NH0102S0005RB.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade co artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, serán transmisibles, previa comunicación á Entidade Local, as licenzas outorgadas sen consideración ás calidades do suxeito beneficiario. Noutro caso, estarase ao disposto na súa normativa específica e, na súa falta, ao que se prevexa no acto de outorgamento.

SEGUNDO.- O Concello non concede o cambio de titularidade, senón que se limita a darse por decatado da comunicación feita polo cedente e o cesionario do título urbanístico, único requisito esixido polo artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª) de 7 febreiro 2000 declara no seu Fundamento Xurídico 2º:

«Pola contra debe entenderse que agarraches a razón ao recorrente na súa invocación dos artigos 13.1 e 15.1 do Regulamento de Servizos, pois a declaración da Sentenza segundo a cal prevalece sobre devanditos preceptos o mandato do Plan Xeral de Ordenación Urbana non pode entenderse conforme a Dereito. En efecto, a interpretación que debe darse ao tenor literal da redacción dos citados preceptos é que se ten dereito a obter a transmisión da licenza por simple cambio de titularidade, o que desde logo é cousa distinta da esixencia de que se solicite una licenza ou autorización completamente nova».

Do mesmo xeito, a Sentenza do Tribunal Supremo de 29 de setembro de 1986 afirma:

«As licenzas de urbanismo, por non concedidas en atención ás circunstancias persoais de quen a solicita, son totalmente transmisibles, sen máis requisitos que o de comunicar ao Concello a transmisión, sen necesidade de solicitar a autorización do mesmo, aínda que o non facelo non produce outra consecuencia que a de que subsisten no transmitente de modo conxunto co debido novo titular as responsabilidades que lle foren exixibles segundo o artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais».

Por tanto a licenza ou autorización é obxectiva con independencia da súa titularidade.

En definitiva, o cambio de titularidade dunha licenza ou autorización urbanística non require ningún requisito específico, senón soamente, a tenor do artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que o antigo e novo construtor, empresario ou titular da licenza deben comunicalo por escrito á Corporación, onde conste de forma indubitada a intención de transmitir a licenza e a autorización do antigo titular ao cambio de titularidade.

CUARTO.- Se se produce a transmisión da (*licencia/comunicación previa*) urbanística sen efectuar a oportuna comunicación, o anterior e o novo titular serán responsables solidarios dos danos que poidan derivarse da súa actuación, a tenor do disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

QUINTO.- O procedemento para levar a cabo o cambio de titularidade de *a* (*licencia/comunicación previa*) urbanística é o seguinte:

A. Cando se transmita una licenza ou autorización urbanística, será preciso que o interesado dirixa por escrito comunicación da mesma ao Concello.

B. Os Servizos Técnicos Municipais comprobarán que se manteñen os requisitos esixidos para a concesión do título urbanístico, e comprobarán se a (*licencia/comunicación previa*) obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado. (*O informe dos Técnicos Municipais*



versará sobre se houbo cambios en canto ás características do uso, aproveitamento, transformación, segregación e edificación do solo, subsolo e voo, e indicarán se a licenza ou autorización obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado).

C. Resolverase o expediente coa toma de coñecemento polo Concello do cambio de titularidade da licenza urbanística e a correspondente rectificación dos rexistros municipais.

D. Procederá a notificar a Resolución aos interesados.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano orosa, de data 15/04/2021, a **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade da licenza de actividade de OTROS CAFÉS E BARES, (epígrafe I.A.E. 673.2), en instalacións sitas na Avda do Malecón nº 58, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0721011NH0102S0005RB en favor do Sr. Francisco José Vila Castro, (D.N.I. 53.481.240-F).

SEGUNDO.- Proceder a rectificación dos rexistros municipais de acordo coa transmisión efectuada, no seu caso, notificándose tanto a transmitente como ao adquirente a presente resolución.

TERCEIRO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

CUARTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

4.3.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE DE PUNTA COUSO A FAVOR DE EXPLOTACIONES TURISTICAS AS LAREIRAS,SL

3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE ACTIVIDADE - EXPLOTACIONES TURÍSTICAS AS LAREIRAS, S.L.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Hotel Rústico (3 estrelas) con Restaurante, (epígrafe I.A.E. 681 - 6732), (cambio de titularidade da licenza de actividade concedida por Decreto de alcaldía de data 16 de novembro de 2006).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural B.

REFª CATASTRAL: 15074A023000150000KK.

SITUACIÓN: Lugar de Couso, A Graña nº 44, Aguiño, Ribeira.

ADQUIRENTE: EXPLOTACIONES TURÍSTICAS AS LAREIRAS S.L., (B70590211).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a documentación presentada pola entidade EXPLOTACIONES TURÍSTICAS AS LAREIRAS S.L., (B70590211), en relación ao cambio de titularidade da licenza de Hotel Rústico (3 estrelas) con Restaurante, (epígrafe I.A.E. 681 - 6732), en instalacións sita no Lugar de Couso, A Graña nº 44, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A023000150000KK, en favor da entidade EXPLOTACIONES TURÍSTICAS AS LAREIRAS S.L., (B70590211).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade co artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, serán transmisibles, previa comunicación á Entidade Local, as licenzas outorgadas sen consideración ás calidades do suxeito beneficiario. Noutro caso, estarase ao disposto na súa normativa específica e, na súa falta, ao que se prevexa no acto de outorgamento.

SEGUNDO.- O Concello non concede o cambio de titularidade, senón que se limita a darse por decatado da comunicación feita polo cedente e o cesionario do título urbanístico, único requisito esixido polo artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª) de 7 febreiro 2000 declara no seu Fundamento Xurídico 2º:

